

# Dominical

El Correo Gallego • 14/1/90

A fórmula do xuramento do cofrade irmandiño non pode ser máis axeitada nem máis propia do caso: "Xuro pola miña honra e comprométome por toda a miña vida a amar, falar, fabulal, querer, honrar, respeitar, difundir, defender e sobre todo, beber, beber e beber os bons e xenerosos viños galegos". Nesta cofradía os poetas non pagarian cuota algúnsa, pagariáselle a eles en loureiro pra que poiderasen abrir tabernas con rango na porta como fan os beñaceiros.

**MANUEL MARÍA**



**PROXEITO DUNHA "GRANDE IRMANDADE DOS VIÑOS GALEGOS"**

ANDA no mixio do noso querido e emprendedor amigo Xosé Posada o artelar como é dito de "Irmandade dos Viños Galegos". Nós preferímos que se chamara "Grande Irmandade dos Viños Galegos" que case é o mesmo máis que non é esencialmente o mesmo. Posada ten redactados uns estatutos e un regulamento pra rexer tan necesaria cofradía. Nada mellor que o viño pra establecer unha auténtica irmandade entre os humanos. Estes irmandiños "erguen as suas espadas, tazas, plumas e lanzas en defensa do noso viño". E tamén as xerras e as cunzas. O seu lema sería: "Deus ei fratreque vinum Galicianus" e a sua maldición: "Honr soit qui mal hant". A fórmula do xuramento da cofradía irmandiño non pode ser máis axeitada nem máis propia do caso: "Xuro pola miña honra e comprométome por toda a miña vida a amar, falar, fabulal, querer, honrar, respeitar, difundir, defender e, sobre todo, beber, beber e beber os bons e xenerosos viños galegos". Nesta cofradía os poetas non pagarian cuota algúnsa, pagariáselle a eles en loureiro pra que poiderasen abrir tabernas con rango na porta como fan os beñaceiros.

Coia Xosé Posada, con toda a razón do mundo, que "os viños galegos venían sendo agredidos polas fraudes, ignorantes pratos iranxeiros escuros e aproveitados polos mercantilistas. Uns homes de ben, levados por unha grande ira, pouxados por unha boa causa e aguillados por unha santa sede, decidiron constituirse en aguerridos defensores celestes". As raízes da creación da "Grande Irmandade dos Viños Galegos", non poder ser máis claras e evidentes non máis necesarias. Xa o coeno compostelano, Pedro Antonio Sánchez, un ilustrado do século XVIII, denunciou aos arribeiros que transportaban a viño desde o Ribeiro de Avia ao porto de A Coruña pra embarcarlo... camiño de Inglaterra. Os tales arribeiros facían as demoas cos nobles caldes ribeiranos. Os ingleses, que non son parvos, remataron por importar os viños do Dmoro portugués e deixaron de beber os do Mito e os do Avia. Suponese as químicas e trapallas das que deprendían os manipuladores do viño desde o século XVIII.

Compre restaurar con urgencia o uso dos viños galegos, louvados por crónicas francesas e inglesas do-



medievo e polos grandes inxéns do Siglo de Oro español, tan maltratadores de Galiza e dos galegos. Por outra banda hai que ter en conta que as novas xeracións xa non beben viño. tan domesticadáns están por modas estranxeiras que polucionan a todo o país. Os máis novos —ditos perdón, señor— —insistirán —pols o que fan non é beber nen farrapés de gata— cervexa, coca-cola ou tonicas. Da coca-cola xa deixou dito Celso Ramón Ferreiro que era piá americano. A cervexa enfria a boas, o estómago, es 'celebreis

da cabeza" —como dicen os nosos paisanos— e a alma. Arrepiante.

Xosé Posada, pró que temos reclamado o nomeamento oficial de Viseiro Maior de Antigo Reino de Galiza, patrón do que voltámos a insistir, propón como sede —no variado sentido do termo— a cidade de Auriña, actualmente conocida como Ourense. Non está nada mal. Pro nós humildemente coñademos que o lugar indicado para tal capitalidade é Ribaúvia, cabesa do Ribeiro, limpia e purificada de ferreterías —como nos enseña o mestre

Otero Pedrayo no Desengano do Prioiro. Ribaúvia é a capital vinícola do noso reino, nella corté de Don García, o único rei que tivemos nós galegos, fermosísima vila que apenas ten bruidas, arroldadas docentes polas rendas quedas e cristalinas do Avia e polo canto grégoriano de Pal Miño... De nun ser Ribaúvia propoñeríamos a Santiago de Compostela, unha das tres grandes parroquias da Crisbandade, lindando con Ulla, tendo a muu direita, según se ven de Portugal, a Betanzos e polo sul ao Caldeira produtorcos prodixiosos albariños e lo espazoiro amante en vías de recuperación. Foi Alvaro Cunqueiro —que senón— que disertou que o río río Miñor nas tabernas compostelanas país o viño, ao escutar os taques da Berenguela.

Felizmente recuperada e sanora — fel recientes ondas dentro dos bocas pra misurar a misura lírica e receber as indulxencias para dous que, xeralmente, repallan pola cidadela santa o sin das graves campás catedralicias.

A "Grande Irmandade dos Viños Galegos" debería de ter, na súa xunta directiva ou reitora, un diputado por cada bisbarra vinícola do país. E non só das terras do viño, senón tamén de resto das bisbarras. Compre considerar que a sede dun chairego, sufríamus por caso, é distinta da dun berxentilán e a dun valdoviñán non se semella en nada a dun ferrolano. Así mesmo sería moi conveniente que os enlaces desta irmandade fixaran as suas xuntanzas, de cando en vez, en cada unha das velhas ciudades do antigo reino en lembranza das sete mariñas celas que están na terra e no Sotestrelo que brillan no mar.

Tamén sería cometido desta irmandade proponer e acudir aos concilios do país que lle deran aos seus viños o nome dos poetas e escritores nasa, nado moi difundida en Italia. Estaría ben adicada un albariño a Alvaro Cunqueiro, un espadeiro a don Ramón Cabanillas, un trixadiño a don Ramón Otero Pedrayo, un branco de Beade a Aquilino Iglesia Alvariño... Pra Miguel Anxo Fernández-Vela reservaríamos un tostado love, sotil e perfumado.

A idea de Xosé Posada merece a pena. Compre pofela a andar, materializada e máis axiña posibel. Terme a obriga de velar polos nossos viños, agora que comienzan a elaborarlos como é feito.

Sería de deixar que a xente se interesara nesta irmandade de que viñeríamos falando ao longo deste artigo. E se puxera en contacto con Xosé Posada, en Ourense, discutir os estatutos e o regulamento, aprobalos e poñer de pé e xaminando ese fermezo soño que pode ser a "Grande Irmandade dos Viños Galegos". E como ramo celebrar tan feito suceso cunhas botellínas escoñidas, nas que estiveran representadas competentevidamente vitiviníferas bisbarras vinícolas deste antigo reino de Galiza.